

A CONVIVENCIA NA NOSA ESCOLA

A convivencia nun centro e o seu entorno é un problema complexo, por canto está constituído dun conxunto de situacións que se complementan unhas a outras e xuntas, constitúen un clima escolar deteriorado.

Non hai unha única solución, esta ten que vir dun estudio das causas e dun traballo educativo consecuente con elas, sen esquecer que hai outras instancias implicadas, a parte do centro escolar, que tamén deben intervir.

Para comezar a traballar é necesaria unha reflexión colectiva de "que é o que queremos", "por que o queremos" e "que estamos dispostos a facer para conseguilo". A continuación convén seguir cun Programa de Actuación. No **CEIP. A. INSUA BERMÚDEZ** xa contamos cun **PLAN DE CONVIVENCIA** elaborado para fomentar un clima de convivencia positivo.

O clima de convivencia actual no noso centro é, polo xeral, bo, aínda que se observan algunhas veces pequenos problemas, que solemos resolver mediante o diálogo e algunha medida disciplinaria de carácter menor. É preciso dispensar un trato individualizado para poder detectar con maior prontitude os posibles casos de conflitos. Contamos cunhas fichas de "Amoestación por condutas (gravemente) contrarias ás normas de convivencia" que fan referencia ás normas recollidas no Regulamento de Dereitos e Deberes dos alumnos/as. O incumprimento destas normas témolas especificadas no RRI actualmente en vigor.


CANDO CUMPRO os MEUS DEBERES, RESPECTO os TEUS DEREITOS

Obxectivo do plan de convivencia do CEIP. Insua Bermudez: Que os nenos aprendan a defender os dereitos propios e alleos e valoren os deberes e normas como facilitadores da convivencia.

Todas as persoas somos diferentes e iso enriquecéenos, pero todos somos iguais como persoas humanas. Os nenos non son obxectos que se poidan manipular. Todos debemos ter unha vida digna e cada un debe ser tratado segundo a súa necesidade e capacidade.

Son bo cidadán se cumpro os meus deberes no meu ámbito máis próximo. No colexio paso moitas horas e ademais convivo con moitas persoas; é o lugar ideal para demostrarme que son boa persoa.

DE
REI
TOS



DE
BE
RES

e

- Os principais obxectivos dunha clase son a **aprendizaxe** e a **boa convivencia entre todos**.

(Real Decreto 732/1995, do 5 de Maio, polo que se establecen os dereitos e deberes dos alumnos e as normas de convivencia nos centros (BOE N° 131 de 2-6-95)).

- Os **dereitos dos alumnos e alumnas** pódense resumir nestes tres:

- a) Dereito a recibir unha formación que asegure o pleno desenvolvemento da súa personalidade (*art. 11*)
- b) Dereito a que a súa actividade académica se desenvolva nas debidas condicións de seguridade e hixiene (*art. 15*)
- c) Dereito a que se respecte a súa liberdade de conciencia e a súa intimidade (*art. 16*) e a que se respecte a súa integridade física e moral e a súa dignidade persoal (*art. 17*).

- Para que todos os alumnos e alumnas poidan gozar destes dereitos, han de respectar tamén estes **deberes** (art. 35 a 40):

- ❖ O estudo, que se concreta nas seguintes obrigas:

- Asistir a clase con puntualidade e participar nas actividades orientadas ao desenvolvemento dos plans de estudio
- Cumprir e respectar os horarios aprobados para o desenvolvemento das actividades do centro
- Seguir as orientacións do profesorado respecto da súa aprendizaxe e mostrarlle o debido respecto e colaboración
- Respectar o exercicio do dereito ao estudio dos seus compañeiros (art. 35)

- ❖ Respetar a liberdade de conciencia e as conviccións relixiosas e morais, así como a dignidade, integridade e intimidade de todos os membros da comunidade educativa (art. 36)
- ❖ A non discriminación de ningún membro da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo ou por calquera outra circunstancia (art. 37)
- ❖ Coidar e utilizar correctamente os bens mobles e as instalacións do centro, e respectar as pertenzas dos outros membros da comunidade educativa (art. 39)
- ❖ Participar na vida e funcionamento do centro (art. 40)

ACTIVIDADES PARA RELACIONARNOS

"Ademais da familia, todos nós nos relacionamos con persoas de outros grupos. Temos grupos de amigos na escola, no noso barrio,... Formamos parte de diferentes grupos porque temos algo en común con eles. Esas cousas fan que nos sintamos diferentes doutras persoas que non son de noso grupo.

Podemos realizar algunhas actividades que nos permitan coñecer mellor qué significa ser membro dun grupo e participar nas cousas que ocorren dentro del".

CONTO: A FORZA DA GACELA.

Congolandia era una pacífica selva na que convivían os máis variados animais hasta que un tigre carnívoro impuxo o terror, a fame e o silencio entre os seus pacíficos habitantes. O vello Rei León I convocou aos seus súbditos para buscar unha solución á terrible situación. Os máis valentes e feroces deles decidíronse a facer fronte ó inimigo pero fracasaron no intento. Pese ó temor e a dubida sobre a súa capacidade, a gacela, que non tiña armas con que atacar ó tigre acercóuselle e faloulle....algo misterioso lle dixo, porque o tigre, humilde e manso seguíuna hasta Congolandia, onde vive con todos os seus habitantes hasta a actualidade.

Que lle propuxo a gacela ó tigre? Que lle dixo ó oído?

CONTO: A NENA INVISIBLE

María vive entre Pobo Verde e Pobo azul, pero non comparte as costumes agresivas dos nenos de ningún dos dous pobos. Posto que os seus intentos por facerse amiga duns e doutros fracasan, María faise invisible e consegue transformar aos nenos de ambos pobos dese xeito que, sen ser verde ni azul pode xogar con todos *eles xuntos*.

Cómo conseguiu María facerse amiga dos nenos?

RELACIONÁMONOS CON XOGOS

Os xogos son algo máis que un entretemento. Poden chegar a ser fundamentais na evolución do grupo se sabemos aproveitar as posibilidades que ofrecen. Os mecanismos que utilizan estimulan unha serie de valores e crean situacións emotivas, raramente valoradas nalgunhas etapas educativas.

XOGO DA APERTA:

En círculo todos e todas. Alguén empeza dando unha aperta ao da esquerda dicindo "Isto é unha aperta", " Unha que?", pregunta o compañeiro. O outro contesta: "Unha aperta". O que lle deron a aperta dálle outra ó da súa esquerda "Isto é unha aperta", di. O novo compañeiro pregunta " Unha que "? ao anterior, "Unha aperta" contesta..... Pódese complicar o xogo con dous bicos.

A ÁRBORE.

A nivel individual, debuxa unha árbore. Coas súas raíces, madeiro, ramas, follas, froitos. Nas raíces escriben as calidades túas, nas ramas póñense os éxitos, triunfos, realizacións....Logo en pequenos grupos, complétase a túa árbore co que digan os demais de ti.

O QUE OS DEMAIS FAN POR MIN.

Trátase de facer un listado do que outras persoas fixeron por min ao longo da semana....Ponse en común.

QUE VOS PARECE SE XOGAMOS?

